

1.3 A Sociedade da Información no Ensino

1.3.1 Uso do computador persoal con fins educativos

Galiza presenta un número de alumnos/as por computador persoal (10,5) que se sitúa bastante por riba da media do Estado Español (8,8). Este é un número pouco esperanzador aínda que, desde a Administración educativa galega, xa se están tomados medidas para mellorar esta taxa. Ademais no ano 2004 o número era sensiblemente maior, 13,7, fronte ao 10,5 do 2005.




Figura 11: Número medio de alumnos/as por computador destinado a tarefas de ensino e aprendizaxe (2005)

Fonte. *Ministerio de Educación y Ciencia*⁽¹⁰⁾

Resaltar, tamén, que, en contra do que se podería esperar a taxa de alumnos/as por computador é sensiblemente maior nos centros privados (12,9) que nos centros públicos (9,9).

1.3.2 Emprego de medios TIC polos profesores/as

Paralelamente ao que sucede co alumnado o número de profesores/as por computador é sensiblemente máis elevado (6,5) que a media do Estado (6,3), situando a Galiza entre as Comunidades con maior taxa neste parámetro.




Figura 12: Número de profesores/as por computador (2005)

Fonte. *Ministerio de Educación y Ciencia*⁽¹⁰⁾

E tamén a tendencia parece que marca un camiño da diminución, incluso máis acusada que para o caso do alumnado, xa que no 2004 o número de profesores/as por computador era de 9,4 fronte aos 6,5 do 2005.

1.3.3 Uso dos computadores nos centros

A existencia de computadores nos centros escolares facilita o seu uso por parte dos alumnos e alumnas xa que son eles e elas quen o empregan en máis do 70% do tempo de seu uso. Esta porcentaxe aumenta considerablemente no sector do ensino secundario.

	Tarefas administrativas	Tarefas propias do profesorado	Docencia ou emprego directo polos alumnos/as	Tarefas múltiples
Ensino primario	9,3	18,6	71,0	1,1
Ensino secundario	8,7	14,9	76,4	0,0
Centros privados	10,8	16,5	70,7	2,0

Táboa 5: Distribución porcentual do emprego dos computadores. Datos de Galiza (2005)

Fonte. *Ministerio de Educación y Ciencia*⁽¹⁰⁾

Pola contra, o profesorado apenas o mobiliza para a súa xestión interna ou para facilitarlle o traballo co alumnado.

1.3.4 Tipo de computadores nos centros

A presenza de computadores nos centros educativos non é garantía suficiente para que sexan ferramentas verdadeiramente útiles tanto para o uso dos alumnos coma para o uso dos profesores/as.

	Pentium IV ou superior	Pentium II, III ou equivalente	Pentium / Pentium MMX ou inferior	Outros Tipos
Ensino primario	66,6	33,3	0,1	0,0
Ensino secundario	41,2	58,8	0,0	0,0
Centros privados	37,6	46,1	10,0	6,3

Táboa 6: Distribución porcentual dos computadores por potencia de computador . Datos de Galiza (2005)

Fonte. *Ministerio de Educación y Ciencia*⁽¹⁰⁾

Mentres que no ensino primario máis da metade dos computadores son equipos relativamente de última xeración, no secundario e nos centros privados son máis frecuentes modelos menos potentes e evolucionados. Debemos destacar que a renovación do parque informático é bastante frecuente sobre todo no ensino público, primario e secundario, onde apenas hai modelos que se poderían considerar como antigos.

1.3.5 Conectividade dos centros á Internet

Dentro das estatísticas comparativas esta é especialmente crúa coa realidade do ensino en Galiza: ocupa a derradeira posición en porcentaxe de centros con conectividade á Internet de todo o Estado. E o que é aínda peor: cunha enorme diferenza (88,4%) co resto de Comunidades Autónomas, onde sobresaie que até en 14 delas os seus centros teñen conectividade máis do 99% deles.




Figura 13: Porcentaxe de centros con conectividade a Internet (2005)

Fonte. *Ministerio de Educación y Ciencia*⁽¹⁰⁾

En canto á calidade da conexión a maioría dos centros educativos galegos teñen unha conexión de alta calidade a través de ADSL, o que garante, en certa medida, a facilidade de uso por parte tanto de alumnos/as coma dos profesores/as.

	Liña telefónica normal	RDSI	ADSL	Outra conexión
Galiza	1,5	18,8	58,7	9,3

Táboa 7: Porcentaxe de tipo de conexión. Datos de Galiza (2005)

Fonte. *Ministerio de Educación y Ciencia*⁽¹⁰⁾

Se comparamos a calidade de conexión dos centros educativos galegos co resto de Comunidades do Estado podemos comprobar que posúen unha calidade de conexión das máis altas, tanto nos centros de Ensino Primario coma nos centros de Ensino Secundario.




Figura 14: Distribución porcentual do ancho de banda en centros públicos de Ensino Primario (2005)

Fonte. Ministerio de Educación y Ciencia ⁽¹⁰⁾




Figura 15: Distribución porcentual do ancho de banda en centros públicos de Ensino Secundario (2005)

Fonte. Ministerio de Educación y Ciencia ⁽¹⁰⁾

1.3.6 As TIC no ensino universitario

Aínda que hai importantes carencias no estudo do uso das TIC no contorno universitario, un estudo elaborado polo Observatorio Galego de *e-learning* manifesta que o 78,2% dos profesores/as universitarios/as galegos/as empregan as TIC na súa actividade docente, mentres que o 22% restante afirma que non emprega ningún tipo de nova tecnoloxía.




Figura 16: Profesores universitarios galegos aseguran utilizar as TIC na súa actividade docente

Fonte. *Observatorio Galego do e-learning* ⁽¹¹⁾

A falta de formación para a súa utilización é o principal motivo que esgrimen os/as profesores/as para non utilizar os servizos TIC na docencia. Outros factores manifestados coma a falta de tempo, falta de incentivos ou recursos aparecen nun segundo plano.




Figura 17: Motivos polos cales os docentes non empregan as TIC.

Fonte. *Observatorio Galego do e-learning* ⁽¹¹⁾

En canto aos motivos que favorecen o emprego das TIC na docencia por parte do persoal docente das tres universidades galegas destaca a mellora da propia calidade do ensino, a flexibilidade laboral e a diminución de custos, tempo e traballo.




Figura 18: Principais motivos polo que os docentes empregan as TIC
Fonte. *Observatorio Galego do e-learning* ⁽¹¹⁾